

**FORCAREI**

## E D I C T O

Aprobado inicialmente o Orzamento xeral para o exercicio económico de 2013, na sesión ordinaria celebrada polo Pleno do Concello o día 28 de decembro de 2012, de conformidade co recollido no artigo 169.1 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, expónse ó público na Secretaría deste Concello por prazo de 15 días hábiles, contados a partir do seguinte ó da publicación deste edicto no Boletín Oficial da Provincia, durante o que, os interesados, poderán examinalo e presentar as reclamacións que estimen pertinentes ante o Pleno do Concello.

O Presuposto considerárase definitivamente aprobado se durante o dito prazo non se presentasen reclamacións contra o mesmo.

Forcarei, a 28 de decembro de 2012. — A Alcaldesa, Belén Cachafeiro Anta.

2013000004

\* \* \*

**O GROVE**

## E D I C T O

Para cumprir co establecido no artigo 44.2 do Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, faise pública a seguinte:

*RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA*

O Grove 18 de decembro de 2012.

De conformidade co establecido no artigo 47 do ROF, dispoño que me substitúa no exercizo das facultades propias da alcaldía por ausencia, a primeira tenente de alcalde, dona Julia Aida Filgueira Pérez, dende o 20 de decembro de 2012 ata a miña reincorporación ao cargo.

O Grove, a 18 de decembro de 2012. — O Alcalde, Miguel Ángel Pérez García.

2012012087

O Pleno desta corporación, na sesión ordinaria que tivo lugar o 29 de novembro de 2012, adoptou por unanimidade, entre outros, o seguinte acordo: a publicación deste anuncio no BOP de Pontevedra con motivo da súa exposición pública para efectos da presentación de posibles alegacións, por un prazo de 20 días hábiles, que comezará a contar desde o día seguinte ao da dita publicación.

Asunto: aprobación inicial do cambio de denominación de rúas no concello do Grove

*Primeiro:* aprobación inicial do cambio de denominación das seguintes rúas:

<i>NOME ANTERIOR</i>	<i>NOME ACTUAL</i>
<b>BARRIO DO VENTO</b>	
Rúa do Vento A	Rúa do Vento
Rúa do Vento B	Rúa da Viña de Lordelo
Rúa do Vento C	Rúa do Vento Mareiro
Rúa do Vento D	Rúa do Eitón
Rúa do Vento E	Rúa da Viña de Marín
Rúa do Vento F	Paseo do Esteiro
Rúa do Vento G	Travesía de Entrerrúas
<b>BARRIO DE LORDELO</b>	
Rúa Lordelo	Rúa do Serradoiro
Rúa Lordelo A	Paseo de Lordelo
Rúa Lordelo B	Rúa da Gamela
Rúa Lordelo C	Rúa do Matadoiro
Rúa Lordelo D	Rúa das Dornas
<b>ZONA DO HOSPITAL</b>	
Hospital D	Praza do Pósito

*Segundo:* comunicarlle o cambio de denominación das citadas rúas unha vez sexa este efectivo, ao Instituto Nacional de Estatística, Oficina de Correos, compañías de gas e telefonía, Rexistro da Propiedade, Centro de Xestión Catastral e departamentos municipais.

*Terceiro:* publicar este acordo no Boletín Oficial da Provincia para a súa exposición pública por un prazo de 20 días. No caso de que non se presenten alegacións, entenderase aprobado definitivamente este acurtado, que entrará en vigor despois de transcorrido o prazo contemplado no art. 70 en relación co art. 65.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, desde a súa publicación no BOP.

O Grove, a 13 de decembro de 2012.—O Alcalde, Miguel Ángel Pérez García.

**2012012201**

\* \* \*

## MARÍN

*Notificación de actos de xestión recadadora.*

*Procedemento:* Administrativo de Recadación en vía de constrinximento

*Actuación que se notifica:* Emprazamento de embargo, requerimento para designación de bens.

Abal González, María Luisa e 198 recibos máis

De conformidade co que establecen os artigos 59.5 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común, o artigo 112 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria (LXT a partir de agora), e non podendo notificar o acto que se relaciona, a pesar dos dous intentos realizados, ou por constar como descoñecidos no enderezo que consta no rexistro de tráfico, cítase aos interesados que figuran neste anuncio, para que, no prazo de 15 días naturais a contar desde o seguinte ao desta publicación, retiren personalmente ou por medio dun representante a/s notificación/s que se indican nas oficinas de Recadación Executiva do Concello de Marín en rua dos Ferreiros 13 baixo, 36002 Pontevedra.

Ao rematar dito prazo sen a comparecencia, a/s notificación/s entenderanse producida/s a tódolos efectos legais, desde o seguinte día ao do vencemento do prazo antes sinalado.

“Advírtese mediante o presente que, tal e como se recolle no artigo 112.3 da LXT, “cando o inicio dun procedemento ou calquera dos seus trámites se entendan notificados por non ter comparecido o obrigado tributario ou o seu representante, terase por notificado das sucesivas actuacións e dilixencias do devandito procedemento, e manterase o dereito que o asiste a comparecer en calquera momento deste””.

### *PRAZOS PARA EFECTUA-LO INGRESO*

Unha vez iniciado o período executivo e notificada a providencia de constrinximento, o pagamento da débeda tributaria deberase efectuar nos seguintes prazos:

- Se a notificación da providencia se realiza entre os días un e quince de cada mes, desde a data da recepción da notificación ata o día 20 do devandito mes ou, se este non fose hábil, ata o inmediato hábil seguinte.
- Se a notificación da providencia se realiza entre os días 16 e último de cada mes, desde a data da recepción da notificación ata o día 5 do mes seguinte ou, se este non fose hábil, ata o inmediato hábil seguinte.

### *LUGAR E FORMA DE PAGO.*

Ingresando na conta 2080-5430-28-3110126346 de Novagalicia Banco mediante Xiro postal dirixido a rua dos Ferreiros, 13 baixo, 36002 Pontevedra ou en efectivo na caixa da oficina de Recadación de Multas, Teléfono: 986.864228